

A woman with dark hair, wearing a bright yellow fur coat and a white shirt with red stripes on the sleeves, is looking upwards and to the right. She has a black fake mustache on her upper lip. The background is a collage of yellow and white geometric shapes with black lines.

C


Compostela
Cultura


Artes
Escénicas
2022
xaneiro—
maio


AUDITORIO
DE GALICIA

TEATRO
PRINCIPAL

HOY PUEDE SER MI GRAN NOCHE | TEATRO EN VÍLO







SHOCK 1. EL CÓNDOR Y EL PUMA

**CHECK-IN
PRODUCCIONES**

**AUDITORIO DE
GALICIA**

14 DE XANEIRO

19.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: > 18

Duración: 150 min
(incluídos 15 minutos de intermedio)

Língua: castelán

Inspirada en 'A doutrina do shock' de Naomi Klein. Como resultado da investigación teatral sobre un feito histórico, o do golpe de estado do General Pinochet sobre o goberno de Salvador Allende, nace *Shock 1 El Cóndor y el Puma*. Un teatro-documental onde se representa a historia, pero para coñecela desde a emoción.

Representar a nosa historia é a vontade de nos coñecer. A nosa sociedade de hoxe é o resultado do que construímos ou destruímos onte. O capitalismo imperante de hoxe calla durante moito tempo pero ten un impulso fundamental tras o fin da segunda guerra mundial, en parte grazas, ou a pesar, da Doutrina do Shock. E o golpe de Chile é o seu primeiro experimento.

O espectáculo foi galardoado cos Premios Max á Mellor Dirección de Escena e ao Mellor Deseño de Espazo Escénico.

Texto: Andrés Lima, Albert Boronat, Juan Cavestany e Juan Mayorga

Dramaturxia: Andrés Lima, Albert Boronat (Inspirada en 'A doutrina do Shock' de Naomi Klein)

Dirección: Andrés Lima
Reparto: Antonio Durán 'Morris', Natalia Hernández, Esteban Meloni, María Morales, Paco Ochoa, Guillermo Toledo, Juan Vinuesa

Escenografía e vestuario:

Beatriz San Juan

Iluminación: Pedro Yagüe

Música e espazo sonoro: Jaume Manresa

Vídeocreación: Miquel Raió

Caracterización: Cécile Kretschmar

Producción: Checkin prod. Joseba Gil



SHOCK 2. LA TORMENTA Y LA GUERRA

**CHECK-IN
PRODUCCIONES**

Shock 2 empeza onde acabou *Shock 1*, que iniciaba co auxe da doutrina monetarista de Milton Friedman e os seus Chicago Boys, e que continúa avanzando a través da 2ª metade do século XX. *Shock 2* comeza nos anos 80, coa revolución conservadora capitaneada en Europa por Margaret Thatcher e en EEUU por Ronald Reagan e culmina no primeiro gran shock do século XXI: a guerra de Iraq, guerra da que fomos partícipes. Porque diso trata *Shock*, de reflexionar sobre en que medida somos partícipes da nosa historia, dos nosos shocks, dos nosos golpes, da nosa violencia.

**AUDITORIO DE
GALICIA**

15 DE XANEIRO

19.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: > 18

Duración: 150 min

(incluídos 15 minutos de intermedio)

Lingua: castelán

Wojtila, Yeltsin, Deng Xiaoping, Mandela, a familia Bush, os Aznar, Rumsfeld, Cheney ou Saddam, ademais de Margaret ou Ronnie son algúns dos personaxes da nosa obra. Tamén os miles de anónimos, auténticos protagonistas de *Shock*, o pobo. O pobo iraquí, o pobo sirio, o pobo americano, o pobo español, o pobo kurdo... Moscú, Washington, Johannesburgo, Polonia, Iraq, Afganistán, os campamentos de Sabra e Chatila en Líbano, o Hotel Palestina en Bagdad ou a praza de Tiananmen en Pequín serán os nosos escenarios.

Texto: Andrés Lima, Albert Boronat, Juan Cavestany e Juan Mayorga. Baseado en feitos reais, textos de Olga Rodríguez e Alba Sotorra
Dramaturxia: Andrés Lima, Albert Boronat (Inspirada en 'A doutrina do Shock' de Naomi Klein')
Dirección: Andrés Lima
Reparto: Antonio Durán 'Morris', Alba Flores, Natalia Hernández Arévalo, María Morales, Paco Ochoa, Willy Toledo, Juan Vínuesa

Producción: Centro Dramático

Nacional, Checkin Prod. Joseba Gil
Axudante de dirección: Laura Ortega
Escenografía e vestuario: Beatriz San Juan
Iluminación: Pedro Yagüe
Composición musical/son: Jaume Manresa
Deseño de vídeo/creación: Miquel Àngel Raió
Caracterización: Cécile Kretschmar
Deseño de son: Enrique Mingo



PROGRAMA ESTIVAL
DE ARTES ESCÉNICAS



DIEGO ANIDO

TEATRO PRINCIPAL

21 E 22 DE XANEIRO

20.30 h

Estrea absoluta



#posfunción: 22 de xaneiro ao remate do espectáculo


Prezo: 12 €

Descostos do 50 %

Idade recomendada: > 12

Duración: 75 min

Lingua: galego



Tras 25 anos de creación contemporánea Diego Anido presenta unha autobiografía de carácter fantástico a medio camiño entre a súa vida na Galicia dos 80 e a dunha estrela do pop americana. Desde a tenrura e o humor absurdo reflexiona sobre como cada persoa creamos un relato para conformar a nosa identidade coas nosas vivencias pasadas e desexos futuros.

Dirección, dramaturxia, textos

e interpretación: Diego Anido

Asistencia en dirección: Borja Fernández

Vestuario: Uxía P. Vaello

Asesoramento en coreografía:

Guillermo Weickert

Luz: Raquel Hernández e Pedro Fresneda

Música: José Díaz e Diego Anido

**TEATRO PRINCIPAL****28 E 29 DE XANEIRO**

20.30 h



#posfunción: 28 de
xaneiro ao remate do
espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade recomendada: > 14
Duración: 105 min
Língua: galego

Se na súa trama argumental estamos ante a historia dunha relación socialmente imposible entre unha proletaria e un burgués, a obra tamén pode ser lida como un testemuño da crise política que en 1868 levou á caída da dinastía borbónica e en 1873 á proclamación da I República. Toda unha época confusa e convulsa na que resoan moitos ecos da actualidade.

Unha xestación e un parto sincronizado cos avatares da protagonista, que cando está a dar a luz ao seu fillo bastardo, ouve a voz dunha multitude na rúa que berra: Viva a República Federal!

Autora: Obra baseada en *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán
Versión e dirección: Cándido Pazó
Reperto: Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Berta Ojea, Ana Santos, Ledicia Sola
Escenografía: Dani Trillo
Vestuario: Martina Cambeiro
Iluminación: Afonso Castro

Deseño espazo musical: Manuel Riveiro
Adaptación e dirección: Cándido Pazó
Produción executiva: Belén Pichel



SARABELA TEATRO

TEATRO PRINCIPAL

3 E 4 DE FEBREIRO

20.30 h



#posfunción: 3 de febreiro ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade recomendada: > 12
Duración: 90 min
Lingua: galego

Morgana en Esmelle é a adaptación da magnífica novela de Begoña Caamaño que recibiu o aplauso de lectores e crítica (Premio Ánxel Casal, Premio Losada Diéguez, Premio ALG, Premio Nacional da Crítica).

Unha obra que reescribe o mito cunha ollada contemporánea. Unha ollada diferente sobre o mundo artúrico e a Terra de Miranda.

Son os remorsos e as culpas sentimentos que nos acompañan toda a vida? Temos acaso dereito a esquecer os danos causados polas nosas decisións?

Con preguntas semellantes, a chegada de Morgana racha a aparente serenidade coa que Merlín vive na fraga de Esmelle.

Morgana, a medio irmá e amante de Artur entra na casa de Miranda en procura de respostas á súa infelicidade. Coa súa dor e coas lembranzas de Merlín vaise tecendo o fío da memoria ata descubrir as razóns últimas da ruína de Avalon e da caída de Camelot.

Autora: Adaptación da novela de Begoña Caamaño
Dirección: Ánxeles Cuña
Reparto: Quico Cadaval, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Laura Míguez, Sabela Gago e Elena Seijo.
Adaptación: Ánxeles Cuña
Bóveda
Escenografía: Pedro Fresneda
Deseño de son: Fernando

Dacosta
Deseño de iluminación: Baltasar Patiño, Carlos Lago
Vestuario: Ruth D. Pereira
Música: Guadi Galego, Mercedes Peón, Uxía
Coreografía: Beatriz Pérez, Armando Martén



GOLFA

PRIMERA TOMA-CRÉMILO

TEATRO PRINCIPAL

11 DE FEBREIRO

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: > 12

Duración: 70 min

Lingua: castelán

Unha mañá aparece fronte á porta dun instituto unha pintada que di “GOLFA”, un insulto anónimo que destapa a historia que o precede.

Amanda e Fran foron parella hai uns meses, adolescentes cuxa experiencia é a de tantos, unha relación que se viu truncada. Este feito non tería relevancia algunha se inmediatamente despois desta ruptura Amanda non sufrise un terrible acoso virtual que leva aos seus pais a denunciar a posible autoría de Fran. Ata que non se aclaren os feitos a dirección do instituto decide apartar a Fran das súas clases.

Ante uns feitos cada vez máis confusos, a xuíza encargada do caso propón unha opción co ánimo de que a escalada de sucesos non vaia a máis: un acordo cordial consistente nun encontro online co sexólogo Jordán Gómez, unha sesión de sexoloxía á que han de asistir Fran, Amanda e a nai de Fran coa particularidade de que estes encontros serán de libre acceso online pedindo lista e identificándose. Todos/as seremos testemuñas desta sesión de sexoloxía.

Dramaturxia e dirección: Jose Padilla
Axudante de dirección: Irene Montes e Sabela Alvarado
Reparto: Fran Cantos, Montse Díez, Ana Varela, María Rivera e Ninton Sánchez
Espazo escénico: PRIAMO.
Eduardo Moreno e Natalia Moreno
Iluminación: Pau Fullana

Vestuario: Anna Fajardo
Canción orixinal: Efecto Pasillo
Espazo sonoro: Alberto Granados
Asesoramento en saúde sexual: Cristián Gallego, Fundación Sexpol
Producción executiva: Alicia Álvarez e Carlos M. Carbonell



LUZ SORIA

RIF (DE PIOJOS Y GAS MOSTAZA)

**CENTRO DRAMÁTICO
NACIONAL, MICOMICÓN E
APRIORI**

**AUDITORIO DE
GALICIA**

12 DE FEBREIRO

20.30 h

Prezo: 14 €

Descostos do 50%

Idade recomendada: > 18

Duración: 120 min

Língua: castelán

Os nosos protagonistas son tres soldados do exército español que se atopan nas terras do Rif despois do Desastre de Annual, ocorrido o 21 de xullo de 1921. Son tres soldados que representan aos miles de mozos españois que foron arrincados dos seus fogares e aos miles de rifeños que se víron obrigados a loitar no lado español para mitigar a súa fame e a súa miseria. A través das súas historias, dos seus relatos, das súas vivencias, que percorreren lugares tristemente míticos como Igueriben, Zeluán ou o Monte Arruit, e que se van a proxectar ata o nefasto ano de 1936, desfilarán diante de nós personaxes chave daquelas guerras: deputados, altos comisarios, reis, cantineiras, prostitutas, caídes, artistas de cinema, xornalistas, militares e civís. Con eles imos visitar, coma se dun pesadelo grotesco se tratara, unha guerra innecesaria, inxusta e cruel, que causou miles de mortes de españois e rifeños, utilización de gases tóxicos incluída, e cunhas consecuencias cruciais no devir do século XX...

Autora: Laila Ripoll e Mariano Llorente
Dirección: Laila Ripoll
Reparto: Arantxa Aranguren, Juanjo Cucalón, Mateo Rubistein, Jorge Varandela, Ibrahim Ibnou, Sara Sánchez, Carlos Jiménez-Alfaro, Mariano Llorente e Néstor Ballesteros
Escenografía: Arturo Martín Burgos

Vestuario: Almudena Rodríguez Huertas
Música: Mariano Marín
Iluminación: Luís Perdiguero
Videoesena: Álvaro Luna



SMOKE ON THE WATER

**IBUPROFENO
TEATRO**

Traxicomedía sórdida. Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado no rock and roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este "status quo" absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gíglol de ideoloxía vandálica e transgresora que se namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.

A intervención de Joan (Baez), empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, cliente de Álex, propicia un final pateticamente feliz ao enredo amoroso-financeiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.

TEATRO PRINCIPAL

17 E 18 DE FEBREIRO

20.30 h



#posfunción: 17 de febreiro ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 14
Duración: 85 min
Lingua: galego

Dirección e texto: Santiago Cortegoso
Reparto: Josito Porto, Belén Constenla, Adrián Ríos, María Costas e Mon Orenco
Movemento escénico e axudante de dirección: Carmela Bueno
Espazo escénico: Pablo Giráldez 'O Pastor'

Deseño de iluminación: Salvador del Río
Deseño de vestuario: Marián Bañobre
Caracterización: Baia Fernández
Espazo sonoro: Mon Orenco
Imaxe: Diego Seixo



RASTROS

CONDETRESPÉS

TEATRO PRINCIPAL

4 E 5 DE MARZO

20.30 h

Estrea absoluta



#posfunción: 4 de marzo ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16

Duración: 110 min

Lingua: galego

Esther, a protagonista de *Rastros*, é unha muller descaradamente libre. Seguramente anticipada aos tempos de hoxe. Acostuma a dicir o que pensa e facer o que sente, sen prexuízos. Intentou evitalos pero sen éxito. É un dos personaxes femininos máis interesantes que produciu a dramaturxia galega, unha libertaria finisecular que tería topado o seu lugar nas manifestacións feministas de hoxe. *Rastros* pivota sobre a súa liberdade e, ao mesmo tempo, polas debilidades que a fan muller galega do seu tempo.

ESTHER: *Xa ves! O mundo é un pano cheo de mocos. E algúns deles son teus.*

Autor: Roberto Vidal Bolaño

Dirección: Lois Blanco

Reperto: Antea Rodríguez,

Muriel Pernas, Pablo Carrera,

Mateo Franco

Adaptación: Lois Blanco

Escenografía: Diego Valeiras

Deseño son: Dani Juncal

Deseño iluminación: Dani Juncal

Vestuario: Diego Valeiras

Coprodución co Centro Dramático Galego



MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA

TALÍA TEATRO

TEATRO PRINCIPAL

11 E 12 DE MARZO

20.30 h

Estrea absoluta



#posfunción: 11 de
marzo ao remate do
espectáculo

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 13

Duración: 130 min

Língua: galego

Milán, 1969. Un anarquista falece tras caer pola ventá dunha comisaría na que está sendo interrogado pola policía. En plena investigación xudicial dos feitos, a aparición en dita comisaría dun “tolo” que se fai pasar por diferentes personaxes logrará darlle a volta ás indagacións e descubrir a verdade.

Cunha sátira implacable chea de humor, Dario Fo pon en evidencia a natureza da policía, os seus métodos manipuladores e a súa función represora, así como o importante papel dos medios de comunicación na súa busca da noticia e do “escándalo”.

Autor: Dario Fo

Dirección e adaptación:

Cándido Pazó

Reparto: Federico Pérez Rey,
Toño Casais, Diego Rey, Marta
Ríos, Dani Trillo, Artur Trillo,
Xurxo Barcala, Rubén Prieto,
Marta Lado, María Ordóñez

Escenografía e deseño de

iluminación: Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro



**AUDITORIO DE
GALICIA**

18 DE MARZO

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18

Duración: 75 min

Língua: castelán

EL ABRAZO

PENTACIÓN

Unha muller, Rosa, e un home, Juan, ambos de avanzada idade e antigos amantes, reencóntranse e abrázanse despois de case unha vida, na que o desexo do fillo que nunca tiveron, segue vivo. Ese mesmo día, un home aparece feliz na porta de Rosa. É real ou un soño imposible?

Versión e dirección: Magüi Mira
Autora: Christina Herrström
Reperto: María Galiana, Juan Meseguer e Jimmy Roca
Espazo sonoro: Jorge Muñoz
Deseño de iluminación: José Manuel Guerra
Deseño de vestiario: Helena Sanchis

Espazo escénico: Eduardo Moreno
Axudante de dirección: Daniel de Vicente
Produtor: Jesús Cimarro



AS QUE LIMPAN

A PANADARÍA

Un cartel colga do manubrio da habitación. “Por favor, arranxe o cuarto”. Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son “as que limpan”, as invisibles que cargan ás súas costas cun sistema turístico precarizador.

TEATRO PRINCIPAL

24 E 25 DE MARZO

20.30 h



#posfunción: 24 de marzo ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18
Duración: 75 min
Língua: galego

As que limpan fala da loita organizada das camareiras de piso dos hoteis por conseguir uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hoteleiras.

Neste novo espectáculo as fundadoras da Panadaría formúlanse estas preguntas: É posible revalorizar este traballo e desligalo do xénero? Existe un turismo sustentable? Quen limpa a casa da limpadora?

Hai persoas que nunca limparon un váter e hai outras que limpan cincocentos ao mes.


As que limpan non fala só de traballadoras da limpeza, fala de mulleres e do chan mollado sobre o que camiñamos cada día.

Reparto e creación: Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén Kendelman
Apoio na dramaturxia e ollada externa: Paula Carballeira
Caracterización e vestuario: Esther Quintas
Espazo sonoro: Ailén Kendelman

Espazo: Beatriz de Vega
Axudante de espazo: Daniela Rodas
Iluminación: Del Ruíz
Asesoría lingüística: Rosa Moledo
Produción: Ailén Kendelman
Axudante de produción: Celina F. Ponte

OTHELLO

VOADORA



ESTRELLA MELERO

Hai no relato de William Shakespeare unha historia de encontro, na que unha muller europea e un home africano se namoran. Porén, contra o final do texto, ela morre asasinada por el. Othello é, asemade, vítima e verdugo. Sofre islamofobia e executa un feminicidio que nace dunha mentira. Unha mentira que, á súa vez, xorde da inseguridade e da crenza de entender, como propio, o que non se pode posuír. #BlackLivesMatter, #NiUnaMenos, #Posverdad e #FakeNews danse cita nunha historia escrita hai máis de 400 anos, pero que hoxe en día resulta próxima no tempo: en España, desde o ano 2013, morreron 1.053 mulleres asasinadas pola violencia machista.

Esta nova versión, nova visión que se constrúe coa apertura do espazo íntimo, as conversas e accións do universo feminino a través dos personaxes de Desdémona, Emilia e Bianca. Utilizando a comedia como xerador de discurso sobre a dor e a rabia, preguntámonos que podemos facer, desde o noso presente, para deter o tempo no relato. Xusto aquí:

Non hai tempo, é tarde (estrangúlaa)

Othello, Acto V.II

Deter o tempo e volver sobre os pasos da historia para entender como chegou até ese punto. Detelo e propor ao público un debate arredor da construción do xénero, a percepción dunha mesmo-a e as relacións, e a propia estrutura, do sistema patriarcal.

AUDITORIO DE GALICIA

26 E 27 DE MARZO

20.30 h



#posfunción: 26 de marzo ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16
Duración: 75 min
Lingua: galego

Dirección: Marta Pazos
Texto: William Shakespeare
Versión: Fernando Epelde
Reperto: Diego Anido, Pablo Chaves, Ana Esmith, Chumo Mata, Hugo Torres e María Vázquez
Iluminación: Nuno Meira
Espazo escénico: Marta Pazos
Vestuario: Silvia Delagneau
Música orixinal: Hugo Torres
Coreografía: María Cabeza de Vaca

Traballo de palabra: Miguel Cubero
Axudante de dirección: Lucía Díaz-Tejeiro
Axudante de escenografía: Pablo Chaves Maza
Axudante de produción: Vicente Conde
Xefa de produción: Montse Triola
Produción artística: Jose Díaz

CASTELVINES & MONTESES. LOS AMANTES DE VERONA SEGÚN LOPE DE VEGA

BARCO PIRATA E COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

“CASTELVINES E MONTESES” é unha festa do teatro. É pór o verso de Lope, a historia de Bandello, o xogo da versión de Rojas Zorrilla, o voo de Shakespeare e a acidez de Quevedo ao servizo dun espectáculo cheo de humor, xogo, música, maxia, clown e baile.

Lope de Vega e William Shakespeare partiron das mesmas fontes e escribiron “Castelvines e Monteses” e “Romeo e Xulieta” na mesma época, finais do século XVI. A diferenza de Shakespeare, Lope escribe unha comedia coa historia dos amantes de Verona.

13 actrices e actores que abrazan os versos de Lope de Vega, e namóranse e namoran ao espectador co seu talento actoral, o seu dominio do corpo, do canto e dos instrumentos cos que ambientan en tempo real os devires de Julia e Roselo, Celia e Marín, Dorotea e Anselmo. Unha escenografía a primeira vista sinxela pero camaleónica e, sobre todo, que enche de maxia que funciona como unha caixa de sorpresas constantes.

Un espectáculo case de circo, para toda a familia, que nos reconcilia co teatro do século de ouro.

Señoras e señores a comedia musical está servida.

AUDITORIO DE
GALICIA

2 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 7

Duración: 150 min (con
dous interludios de 5
min)

Lingua: castelán

Autoría: Lope de Vega
Dirección: Sergio Peris-
Mencheta
Reperto: Paula Iwasaki,
Andreas Muñoz, Aitor Beltrán,
Xabier Murua, Ignacio Rengel,
Óscar Martínez-Gil, María
Pascual, Natxo Nuñez, Gonzalo
Ramos, Xoel Fernández, Cintia

Rosado, Jùlia Roch, Almudena
Salort
Tradución e adaptación: Carlos
Menéndez
Escenografía: Curt Allen con
Estudiodedados
Vestuario: Elda Noriega
Música: Varios Autores
Iluminación: Valentín Álvarez



O PORCO DE PÉ

PT. EXCÉNTRICAS

O porco, o animal totémico dos cocidos e dos entroidos, toma os teatros para demostrar a súa superioridade sobre os seres humanos. O que presenta Excéntricas é un teatro de barracón, aquel que na infancia nos fascinaba e nos asustaba a partes iguais. Un farol mortizo, un chan de serraduras, unha cortina vermella e, de súpeto, aparece o porco en elegante pose de equilibrista a sosterse sobre os pés, a finxirse un ser humano con tanta graza, que resulta imposible distinguilo.

Vai para cen anos, Vicente Risco detectou unha nutrida presenza porcina vestida con elegantes abrigos e chapeus a confundirse cos propios burgueses. A divertidísima sátira do ourensán, a medio camiño entre o circo, o barracón, os fantoches e o cabaret, ten hoxe máis vixencia ca nunca. Nesta viaxe á fascinante década dos anos 20 do século XX, pasarán como nunha lanterna máxica, anarquistas, esportistas, agraristas, proxenetistas, golpistas, vangardistas, caciquistas, futuristas, pasadistas e presentistas.

Producións Teatrais Excéntricas inventa, para reinventar este retrato de NÓS, un teatro de fenómenos cheo de monstros de barracón.

TEATRO PRINCIPAL

7 E 8 DE ABRIL

20.30 h



#posfunción: 7 de abril ao remate do espectáculo

Prezo: 12 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 13
Duración: 90 min
Lingua: galego

Autor: Vicente Risco
Dirección: Quico Cadaval
Reparto: Patricia Vázquez,
Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo

Dramaturxia: Pepe Sendón e Quico Cadaval
Plástica: Carlos Alonso
Son: Piti Sanz
Iluminación: Octavio Más



DESDÉMONA

ALBA SARRAUTE I LES OFÈLIES

AUDITORIO DE
GALICIA

9 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 12

Duración: 65 min

Lingua: castelán

Todos e todas ouvimos falar sobre o *Othello* de Shakespeare pero, de que trata realmente esta obra teatral? E de que maneiras novas se pode explicar esta historia shakespeariana? Alba Sarraute & Les Ofèlies fano utilizando a linguaxe do circo, a través de acrobacias, de música e dos corpos dos e das intérpretes para crear un conxunto de imaxes cargadas de poesía coas que, desde a mirada de Desdémóna, esposa de Othello, adentrarémonos nos aspectos máis dramáticos da condición humana... cun sorriso nos beizos. Un espectáculo de circo e Shakespeare onde os personaxes expresan co corpo e a música. As técnicas de circo ilustran a traxedia facéndoa volátil e universal.

Adaptación e dirección: Alba Sarraute
 Texto: William Shakespeare
 Reparto: Alba Sarraute (acrobacia, pallasa, báscula) / Laia Sanmartín, Martí Soler (man a man, lanzamento de coitelos, roda Cyr, trompeta), Berta Pascual (danza e actriz) e Anna Pascual (mástil chino, man a man e acordeón), Tomeu Amer (acrobacia, escaleira libre, báscula e roda alemana), Adrià Montanya (equilibrios acrobáticos, verticais e acrobacia), Laura Martí (canto,

pallasa e guitarra), Jordi Claret (violoncello) e Noè Escolà (saxofón).
 Posta en escena: Laia Sanmartín
 Coreografía: Berta Pascual
 Escenografía: Montse Pons
 Vestuario: Alba Sarraute
 Producción: Camaleònica Produccions e Grec Festival de Barcelona
 Composición musical: Furmi Gómez
 Composición La Peste: Jorge Sarraute
 Dirección musical: Jordi Claret



LA PANADERA

IRIA PRODUCCIONES

La Panadera conta a historia de Concha, unha muller de corenta anos, encargada dunha panadería, casada, con dous fillos. Unha muller cunha vida tranquila e feliz que un día esperta coa noticia de que polas redes sociais corre un vídeo íntimo seu mantendo relacións sexuais cunha parella que tivo hai 15 anos. O vídeo sae agora á luz e esténdese de maneira incontrolada porque ese home fíxose famoso en Italia grazas a un reality televisivo.

A nudez, a rabia, a impotencia, a vergoña e a dor salpican a todos os seus seres queridos. Desde o seu pai, Ramón, un home de campo, nacido no trinta e oito, pasando polo seu fillo, Gael, un neno de once anos, ao que trata de ocultar o acontecido, pero que sabe manexar un computador infinitamente mellor que ela, ata o seu marido, Aitor, que tenta acompañar a Concha na dor, pero que non pode evitar deixarse invadir polo xuízo social.

As mensaxes cibernéticas sen piedade que, escondidas tras perfís sen nome, opinan, se mofan, e deshumanizan, chegan, e Concha terá que loitar para que o medo, a dor, as crenzas, o aprendido non a derroten.

TEATRO PRINCIPAL

21 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18

Duración: 90 min

Lingua: castelán

Texto e dirección: Sandra Ferrús
 Reparto: César Cambeiro, Sandra Ferrús, Elías González, Susana Hernández e Martxelo Rubio
 Escenografía e vestuario: Elisa Sanz (AAPEE)
 Iluminación: Paloma Parra
 Música e espazo sonoro: Antonio de Cos

Vídeoescena: Elvira Ruiz
 Axudante de dirección: Concha Delgado
 Axudante de escenografía e vestuario: Paula Castellano



TALARÉ A LOS HOMBRES SOBRE LA FAZ DE LA TIERRA

PECADO DE HYBRIS

TEATRO PRINCIPAL

22 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16

Duración: 105 min

Lingua: castelán

Unha preadolescente afástase da súa familia nunha churrascada para ler baixo unha árbore. Con este acto, dá comezo un rito de paso, e o viacrucis dunha muller da xeración Y, como filla menor, doutoranda e traballadora sexual. *Talaré a los hombres sobre la faz de la tierra* pon en relación a violencia emocional e sexual coa violencia sobre o medio ambiente.

Texto e dirección: María Velasco

Reparto: Laia Manzanares, Joaquín Abella, Miguel Ángel Altet, Fran Arráez (La Toñi) e Beatrice Bergamín

Asesoría artística: Judith Pujol

Coreografía: Joaquín Abella

Escenografía: Marcos Carazo

Vestuario: María Velasco e intérpretes

Diseño de luces: Irene Cantero e Víctor Colmenero

Diseño de son: Peter Memmer

Artes Visuais: Elena Juárez

Producción executiva: Ana

Carrera

Producción: María Velasco

(Pecado de Hybris) e Openfield Busines



HOY PUEDE SER MI GRAN NOCHE

TEATRO EN VILO

Neste espectáculo a actriz, acompañada dunha música en escena, desprégase en múltiples voces para facer unha viaxe ao pasado co fin de entender esa estraña amalgama que resulta do que un día quixemos ser e o que somos. Esta é unha obra divertida, valente e profunda, unha celebración do que xa non está, do que puido ser e non foi, un canto aos perdedores e perdedoras, aos que nunca deixan de esperar o seu momento.

TEATRO PRINCIPAL

23 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 12

Duración: 70 min

Língua: castelán

Un relato desgarrador onde Teatro en Vilo volve despregar toda a elocuencia da súa poética teatral, a irreverencia, a tenrura e o humor para achegarnos á batalla dunha muller que se pelexa entre o extraordinario e o ordinario, a fazaña e a derrota, o deber ser e a felicidade verdadeira.

Teatro en Vilo é unha das compañías máis interesantes da nova creación teatral, avaladas polas súas obras teatrais gañadoras de múltiples premios, entre eles o PREMIO OJO CRÍTICO DE TEATRO (RNE), recibindo unhas críticas maravillosas polas súas creacións.

Dirección: Andrea Jiménez

Texto: Noemí Rodríguez

Reparto: Noemí Rodríguez e

Darlene Rodríguez

Asesoría dramaturxica: Eva Redondo

Escenografía: Mónica

Borromello

Axudante de escenografía:

Jimena Eichelbaum

Vestuario: Paola De Diego,

Sigrid Blanco e Candela Iváñez

Coreografía: Amaya Galeote

Iluminación: Miguel Ruz

Música: Lise Belperron

Espazo Sonoro: Nacho Bilbao

Vídeo: Ro Gotelé

Fotografía: Danilo Moroni

Axudante de dirección:

Macarena Sanz



EL HIJO

DANIEL ABREU

TEATRO PRINCIPAL

28 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 10 €

Descostos do 50%

Idade recomendada: > 16

Duración: 50 min

El hijo fala do vínculo cos proxenitores e un lugar, e o que se fai con iso. Os vástagos. Dalgunha forma, entenderse como individuo que se desata, pero enredado moi profundamente nunha repetición de formas e feitos. Algo que se pode explicar só de forma parcial, porque á fin e ao cabo, o individuo sempre leva consigo a reinterpretación desa historia, como ecos.

Un home na natureza, a súa chegada, a maxia do nacer, o desenvolvemento ligado ao primario e a cultura e, desde aí, ao que o conforma e o seu camiño. É a través da poética da imaxe e do son, que presento a un descendente, e que sen estar presentes falo de proxenitores, lugares e, sobre todo, do máximo. E é que a danza permite a celebración dun estar vivos e vivas e ter unha historia.

Creación, iluminación e interpretación: Daniel Abreu
Axudante de dirección: Janet Novás

Acompañamento dramaturxia:

Marina Wainer

Música: collage

Atrezzo: Las practicables

Vestuario: Leo Martínez y Daniel

Abreu

Producción subvencionada pola

Comunidade de Madrid

Apoio en xira: INAEM

Colabora: Centro Coreográfico

Canal, Escuela de Música e

Danza de Pozuelo, Provisional

Danza e Teatro Victoria



O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO

VACABURRA

Bailar é perigoso, ameaza o sistema, complica a situación. A danza incomoda, afecta, descoloca e complexiza os modos de estar hexemónicos. A danza, contaxiosa e invasiva, desestabiliza as lóxicas da palabra, ameaza a linguaxe normativa. Bailar pode ser unha epidemia. Esta bailarina non ten trucos de maxia preparados. O seu material coreográfico é basto e ás veces incomprendible, fracasa nos xiros coa perna esquerda. Esta bailarina nunca quixo ser Giselle. Con todxs nós: un corpo en rebelión, atravesado, sublevado, a bailarina non normativa, a bailarina faquir, a taumaturga, a subalterna. Formas de estar que complican. Estratexias da invisibilidade activa ou identidades disidentes. Vida atravesada. Ficción bastarda.

Capacidade para imaxinar. Divagación dificultosa con aparencia de profundidade. Esta é unha peza autobiográfica sen biografía, unha trampa ao ollo, unha coreografía maraña, un engano narrativo: coreo-biografía-pirata. Isto vai de bailar bailando.

Coreografía e interpretación:
Andrea Quintana
Dirección e dramaturxia: Gena Baamonde e Andrea Quintana
Textos: VACAburra. inspiradas por Joanna Russ e Linn-Liniker
Iluminación: Baltasar Patiño
Técnica en xira: Violeta Martínez
Espazo sonoro: Davide Gonzalez e Andrea Quintana

Imaxe e deseño: Muller 6 ollos
Vestuario: Saturna
Co apoio: Axudas a Artistas do Concello de A Coruña, Residencia de creación Residencias Paraíso do Colectivo RPM, CDG Salón Teatro, Residencia de creación en A Normal, espacio de intervención cultural, Galicia Danza Contemporánea

TEATRO PRINCIPAL

29 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 10 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18
Duración: 50 min



TEATRO PRINCIPAL

30 DE ABRIL

20.30 h

Prezo: 10 €

Descostos do 50%

Idade recomendada: > 13

Duración: 60 min

Vai comezar a función e unha das performers non chega.

Antes de que entre o público deciden substituíla, pero non por outra bailarina, senón por unha pantalla. Na pantalla non estará outra que ela mesma, pero a súa imaxe dixitalizada.

MOCAP é unha peza que se pregunta se é posible substituír o corpo de alguén por un dispositivo tecnolóxico. Cales serían as implicacións sociais diso?

Os performers enfróntanse ao reto de empatizar en escena cun corpo ausente vivo e un corpo inerte presenta (a pantalla).

Dirección: Matías Daporta e
María de Dueñas
Coreografía e performance:
Angela Millano, Matías Daporta
e María de Dueñas
Vídeo en pantalla e banda
sonora: Alvaro Chior
Dramaturxia: Paula Noya de
Blas
Xestión: Manuel Lago e Matías
Daporta

Compilación de vídeo: Matías
Daporta en colaboración con
Mario Santamaría e Marcos
Daporta



OLIVIER HOUEX

BAT**DANTZATZ****AUDITORIO DE
GALICIA****13 DE MAIO**

20.30 h

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 12

Duración: 70 min

Un programa de tres coreografías, que compoñen un espectáculo de danza para todo tipo de públicos e para gozar da danza contemporánea en todo o seu esplendor:

1.- *Escravos felices*, de MARTIN HARRIAGUE

10 minutos frenéticos, cheos de movemento e de ironía, baseada na nosa vida chea de “felicidade”, escrava da tecnoloxía.

2.- *THIRTY*, de SADE MAMEDOVA

Unha creación plena de poesía e de delicadeza, nunha coreografía de 15 minutos que combina emoción e abstracción, baseada nas migracións humanas.

3.- *WALLS*, de MARTIN HARRIAGUE

De novo o talento desbordante de Harriague, esta vez nunha peza de 35 minutos, potente e rotunda. Unha reflexión sobre o mundo e a sociedade actual e a súa relación cos muros.

Directora artística: Adriana Pous

Coreografías: Martin Harriague, Sade Mamedova

Música: J. C. Arriaga, M. Lugo, J. S. Bach, Yemen Blues, J. A. Jiménez

Luces: Martin Harriague, Sade Mamedova, Alberto Arizaga

Vestuario: Martin Harriague, Nahia Salaberria, Fanny Alonso





DECADENCIA

TRASPASOS

Decadencia é unha obra cáustica, provocadora, que persegue ao público, acurrálao e, a miúdo, obrígalle a rir por non chorar.

Os seus protagonistas, dúas parellas formadas por tres aristócratas e un vividor que aspira a sacar proveito das súas debilidades, son clasistas e racistas, frívolos e desalmados; son hipócritas, banaís e egoístas; actúan como depredadores; non teñen principios nin límites, aínda que si medo a que os miserables a quen desprezan se xunten e os ataquen; o seu humor é sarcasmo, a súa ironía é rabia; son grotescos pero perigosos e, primeiro de nada, son infelices, están baleiros aínda que non lles falte de nada, e nin os seus luxos nin a súa luxuria os enchen: a ninguén lle amarga un doce, excepto a eles. E á hora de vingar unha infidelidade, non descartan nin desplumar ao traídor nin cometer un crime...

Steven Berkhoff é un mago do humor negro e esta obra un espello e unha radiografía: no primeiro, vese o que as nosas sociedades ocultan de portas para dentro; na segunda, as enfermidades morais que padecemos.

AUDITORIO DE GALICIA

14 DE MAIO

20.30 h

Prezo: 14 €
Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16
Duración: 90 min
Lingua: castelán

Dirección: Mario Gas
Adaptación: Benjamín Prado
Reperto: Maru Valdivielso e Pedro Casablanc
Deseño de vestiario: Antonio Belart
Espazo sonoro e música:

Orestes Gas
Deseño de escenografía: Sebastia Brosa
Dirección de produción: Ana Guarnizo
Produción executiva: Mónica Reguero/Carles Roca



DeMENTE

FRAN SIEIRA

TEATRO PRINCIPAL

20 DE MAIO

20.30 h

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16

Duración: 60 min

Lingua: galego

DeMente é unha obra de baile e música tradicional galega para público adulto de 60 minutos de duración, cun elenco artístico de 8 bailadores/as en gran formato. As escenas desenvólvense ao son da música do compositor e músico multidisciplinar Cristian Silva Bóveda. Todo isto atópase dentro dun marco escénico e vestuario ideado por Carlos Alonso Alonso xunto cun deseño de iluminación de Fidel Vázquez Díaz. A fisicalidade e a estética contemporánea, dentro do baile e a música tradicional galega, preséntase a través dos ollos da bailarina e coreógrafa catalana Carla Diego Luque como directora artística.

DeMente plasma unha realidade, un estigma, unhas patoloxías que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) sufriron, sofren ou sufrirán nalgún momento da súa vida unha de cada catro persoas. A reclusión practicamente carceraria das persoas “dementes” en tempos pasados, os amoreamentos de persoas enfermas, as contencións mecánicas totais e parciais, así como as contencións químicas (antipsicóticos e outros medicamentos), os suicidios (“Ao tolo cando entraba no manicomio só lle quedaba esperar a morte.”), a explotación da enferma, “os almacéns de carne humana”...

Autoría/Coreografía: Francisco Agustín Sieira González
Dirección Artística: Carla Diego Luque
Bailadores/as: Francisco Agustín Sieira González, Aida Tarrío Torrado, Adela Otero Vázquez, Daniel Rodríguez Fernández, Artur Pastoriza Puga, Martín Mondragón Rivadulla, André Adrio

Rodríguez, Patricia Sánchez Seoane
Composición musical: Cristian Silva Bóveda
Deseño de luces: Fidel Vázquez Díaz
Deseño de escenografía e vestuario: Carlos Alonso Alonso
Deseño do espazo sonoro: Isaac Millán Lledo



INLOCA

**CENTRO DRAMÁTICO
NACIONAL - MATARILE**

El diablo en la playa

El paraguas de Deleuze

La habitación de Tarkovski

El vientre de la vieja

El traslado del cadáver

La forma del cerebro

Europa después de la lluvia

En el café de Steiner, los estrategas

La muerte de Mickey Mouse

**AUDITORIO DE
GALICIA**

21 DE MAIO

20.30 h

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18

Duración: 120 min

Lingua: galego/castelán

Dirección e texto: Ana Vallés
 Reparto: Vicente Colomar,
 Ana Cotoré, Antón Coucheiro,
 Claudia Faci, Celeste González,
 Alfredo Pérez, Alfredo
 Rodríguez, Ricardo Santana e
 Nuria Sotelo
 Espazo, vídeo e produción de
 son: Baltasar Patiño
 Iluminación: Baltasar Patiño e
 Miguel Muñoz
 Axudante de dirección: Ana
 Contreras

Coreografía: intérpretes e Ana
 Vallés
 Asistente de espazo, vestuario e
 obxectos: Lara Contreras
 Asistente de coreografía:
 Paloma Díaz
 Vestuario: La Canalla e Matarile
 Axudante de produción: Tati
 García
 Coordinación e produción
 Matarile: Juancho Ganzo
 Coprodución: Centro Dramático
 Nacional e Matarile
 Colabora na produción: AGADIC

SILENCIO

ENTRECAJAS

Vestido cun traxe de etiqueta dentro do que non acaba de sentirse cómodo, cumprindo co preceptivo protocolo, o dramaturgo, ou seica unha actriz amiga a quen pediu que o represente no solemne acto, vai ingresar na Academia pronunciando un discurso titulado Silencio. Os seus oíntes son os outros académicos, cos que comparte estrado, e as persoas -familiares, amigos, colegas, autoridades, descoñecidos...- que viñeron a acompañalo esta tarde. Vai falar sobre o silencio na vida e no teatro, quizais tamén sobre o silencio na súa vida e no seu teatro.

AUDITORIO DE GALICIA

26 DE MAIO

20.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18

Duración: 80 min

Lingua: castelán

Igual que aos espectadores, eses silencios poden enfrontar, a quen escribiu o discurso e a quen agora o pronuncia, cos silencios das súas propias vidas. Quizais quen pronuncia o discurso e quen o escribiu teñan, en cada momento, a tentación de calar. Quizais o silencio, que soporta o discurso e sobre o que o discurso indaga, poña o discurso en perigo. E quizá o máis valioso sexa finalmente, por encima e por baixo das palabras, poder escoitar xuntos o silencio.

Actriz: Blanca Portillo

Texto e dirección: Juan Mayorga

Iluminación: Pedro Yagüe

Escenografía e vestuario: Elisa Sanz

Espazo sonoro: Mariano García

Deseño gráfico: Javier Portillo



Compostela
Cultura

Agasalla Compostela Cultura

- 01 Merca as túas entradas en **compostelacultura.gal** ou na Zona C.
- 02 Se as mercaches na web, **imprime** as entradas.
- 03 Pasa pola **Zona C** e recolle o sobre e o tarxetón.
- 04 Mete as túas entradas dentro e... **agasalla Compostela Cultura!**



compostelacultura.gal





C

Compostela
Cultura
En familia



CRIS, PEQUEÑA VALIENTE

EL ESPEJO NEGRO

JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ

TEATRO PRINCIPAL

5 DE FEBREIRO

18.30 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada:

> 6 anos

Duración: 65 min

Língua: castelán

Esta é a historia da pequena CRISTINA, unha nena que ao nacer pensaron que era un neno. Sí, un neno...

Ela nunca se sentiu neno. Desde sempre sentiuse nena e así llo fixo saber aos seus pais desde moi pequeniña.

CRIS, que así lle gusta que a chamen, é unha nena trans, risoña e intelixente, que loita polo seu dereito a ser a persoa que é e sente.

Desexa ter un futuro repleto de liberdade e oportunidades, para poder crecer e desenvolverse, como calquera outra nena da súa idade.

Dedicado a todas as persoas transxénero do mundo.

Autor e dirección: Ángel Calvente

Reparto: Cristina Jiménez, Carlos Cuadros e Yolanda Valle

Técnico de luz e son: Adrián Alcaide

Rexidor e axudante técnico: Laín Calvente

Deseño e construción de monicreques: Ángel Calvente

Vestuario de monicreques: Carmen Ledesma

Vestuario do reparto: Elisa Postigo

Composición banda sonora: Miguel Olmedo

Producción musical: Laín Calvente

Voz profesora: Adelfa Calvo

Deseño Iluminación e programación: Laín Calvente



FOTO CORSINO

OS NENOS DA VARÍOLA

PÉREZ & FERNÁNDEZ

TEATRO PRINCIPAL

19 DE FEBREIRO

18.30 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada:

> 12 anos

Duración: 60 min

Língua: galego

30 de Novembro de 1803: A Real Expedición Filantrópica da Vacina parte dende o porto da Coruña. Vinte e dous nenos procedentes de orfanatos de Madrid, Santiago e A Coruña conforman unha cadea humana “brazo a brazo” para facer chegar a vacina contra a varíola aos territorios de ultramar nunha das maiores xestas médicas levadas a cabo na historia da humanidade.

Pérez&Fernández, en coprodución co Centro Dramático Galego, presenta a adaptación á escena da novela de María Solar *Os Nenos da Varíola*. Unha peza teatral con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos da Casa de Expósitos da Coruña e como chegaron a ser os heroes da Real Expedición Filantrópica da Vacina, na que a súa heroína máis esquecida converteuse nun dos piares máis importantes da expedición, a reitora da Casa dos Expósitos, Isabel Zendal.

Dirección: Xosé Leis, Victoria Pérez

Reparto: Manu Fernández, Victoria Pérez, Xosé Leis e Isabel Risco

Ambientación musical: Xabier Romero

Texto: María Solar

INFINIT

CÍA. SEON

ALEX GRIFFIN



TEATRO PRINCIPAL

26 DE MARZO

18.30 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada:

todos os públicos

Duración: 55 min

Língua: castelán

INFINIT cuestiona os difusos comezos e finais de todo o que nos rodea. Acrobacia, trapezio wáshington, clown, danza son os ingredientes deste remuíño de humor existencialista. Uns personaxes excéntricos e absurdos que buscan o final do seu propio espectáculo. A súa estupidez profundamente intelixente acabará cuestionando nosa propia esencia. Séntelo? Mentres les estas palabras o espectáculo xa está a ter lugar.

Cocreación e interpretación:

Daniel Esteban e Andreu

Casadellà

Dirección técnica e iluminación:

Pep Arumí

Consello inicial en vestuario:

Irene Bosch

Espazo sonoro: David Angulo

Escenografía: Roberto

Pincheira

Apoio inicial dramatúrxico:

Élisabeth Cauchetiez

Consello en movemento: Sarah
Anglada

Apoio clownesco: Marta Iglesias

Ollo externo: Júlía Clarà

Fotos: Alex Griffin



GRAN GALA DO CIRCO DE COMPOSTELA

Coordinada por PISTA4

**AUDITORIO DE
GALICIA**

24 DE ABRIL

18.30 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada:

> 4 anos

Duración: 90 min

Língua: galego

Compostela é unha cidade de circo, numerosos artistas circenses residen na cidade e queren celebrar o seu día, facendo unha mostra do mellor do seu traballo cos mellores números dos colegas do estado. A Gran Gala de Circo contará cunha completísima variedade de números das disciplinas máis sorprendentes e arriscadas.



PorVezPrimeira

PorVezPrimeira presenta un programa dedicado á primeira infancia. Unha selección moi coidada de espectáculos para bebés e os, as máis pequenas da casa, que pretende que tanto o Auditorio de Galicia como o Teatro Principal se convertan no lugar da primeira experiencia cultural dos nosos e das nosas novas veciñas.

Recoméndase asistir con non máis de 2 acompañantes por bebé ou crianza.

Deberase mercar unha entrada para cada asistente independentemente da súa idade.

**TEATRO PRINCIPAL****6 DE MAIO**

17.00 e 18.30 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada: dos

18 meses aos 5 anos

Duración: 40 min

O colectivo de percusión creativa CRASSH preséntannos a súa proposta para bebés, nenos e familias: *CRASSH BABIES*.

Nunha combinación única de percusión, movemento e comedia visual, todo é un pretexto para producir son, cunha enerxía contaxiosa.

Con diferentes sonoridades, da voz aos tubos de pvc pasando por obxectos do cotián, todo serve para estimular os sentidos dos máis pequenos e proporcionar momentos únicos entre pais e fillos.

Propomos unha viaxe polo mundo CRASSH coa súa linguaxe vocal propio “Crasshones”, entendida por todos, ata polos bebés.

Con dous personaxes de carácter forte e musicalidade extrema, capaces de sorprenden coa súa interacción permanente cos participantes.

Creación e performance: Bruno Estima (brunoestima.com) e Artur Carvalho
Escenografía: Patrícia Costa
Produción: WETUMTUM

LA LUNA EN UN CAZO (UN ESPECTÁCULO INCOMPRENDIDO)

LA PETITA MALUMALAGA



Un espectáculo ideal para gozar dunha montaxe adaptada a bebés no escenario do Auditorio de Galicia. Un coidado espazo escénico para despertar todas as sensacións a través da música en directo, a danza, o teatro e a tecnoloxía.

AUDITORIO DE
GALICIA

7 DE MAIO

11:00, 12:00 e 13:00 h

Prezo: 3 €

Idade recomendada: de 0
a 3 anos

Duración: 35 min

É un tránsito polos recunchos emocionais máis profundos dunha lúa en constante procura da súa esencia. A felicidade como ferramenta innegociable para reencontrarse.

Un canto ao optimismo dirixido a todos os públicos, tamén aos bebés e á primeira infancia, e coa aposta pola procura de novas formas de interacción co público.

Partindo da deliciosa escusa dun espectáculo que hai anos algúns profesionais declararon non idóneo para nenos, esta produción pretende, ao mesmo tempo, convidar o público a unha reflexión crítica das programacións teatrais dirixidas tamén á infancia.

Idea orixinal: Albert Vilà e Eva Vilamitjana
Guión: Albert Vilà; colaboración de Jordi Falguera
Dirección artística: Albert Vilà e Eva Vilamitjana
Coreografía: Eva Vilamitjana; colaboración dos intérpretes
Intérpretes: Ariadna Saltou (danza), Marc Trias (percusións), Laia Barberà

(arpa)
Composición musical: Jordi Belo
Escenografía: Albert Vilà; colaboración de Marc Salicrú
Vestuario: Marc Udina
Desenvolvemento tecnolóxico: Ivan Rubio
Teito cinético: Ignasi Bosch
Deseño de luces: Carles Borràs



CALENDARIO

XANEIRO 2022

SHOCK 1. EL CÓNDOR Y EL PUMA	CHECK-IN PRODUCCIONES	Auditorio de Galicia 14 de xaneiro 19.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 18 Duración: 150 min (incluídos 15 minutos de intermedio) Lingua: castelán
SHOCK 2. LA TORMENTA Y LA GUERRA	CHECK-IN PRODUCCIONES	Auditorio de Galicia 15 de xaneiro 19.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 18 Duración: 150 min (incluídos 15 minutos de intermedio) Lingua: castelán
O DEUS DO POP	DIEGO ANIDO	Teatro Principal 21 e 22 de xaneiro 20.30 h Estrea absoluta  #posfunción: 22 de xaneiro ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 12 Duración: 75 min Lingua: Galego
CIGARREIRAS	CONTRAPRODUCCIÓN	Teatro Principal 28 e 29 de xaneiro 20.30 h  #posfunción: 28 de xaneiro ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 14 Duración: 105 min Lingua: galego

FEBREIRO 2022

MORGANA EN ESMELLE	SARABELA TEATRO	Teatro Principal 3 e 4 de febreiro 20.30 h  #posfunción: 3 de febreiro ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 12 Duración: 90 min Lingua: galego
CRIS, PEQUEÑA VALIENTE	EL ESPEJO NEGRO	Teatro Principal 5 de febreiro 18.30 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: > 6 anos Duración: 65 min Lingua: castelán
GOLFA	PRIMERA TOMA-CRÉMILLO	Teatro Principal 11 de febreiro 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 12 Duración: 70 min Lingua: castelán
RIF (DE PIOJOS Y GAS MOSTAZA)	CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL, MICOMICÓN E APRIORI	Auditorio de Galicia 12 de febreiro 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 18 Duración: 120 min Lingua: castelán
SMOKE ON THE WATER	IBUPROFENO TEATRO	Teatro Principal 17 e 18 de febreiro 20.30 h  #posfunción: 17 de febreiro ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50 % Idade recomendada: > 14 Duración: 85 min Lingua: galego
OS NENOS DA VARÍOLA	PÉREZ & FERNÁNDEZ	Teatro Principal 19 de febreiro 18.30 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: > 12 anos Duración: 60 min Lingua: galego

MARZO 2022

RASTROS	CONDETRESPÉS	Teatro Principal 4 e 5 de marzo 20.30 h Estrea absoluta  #posfunción: 4 de marzo ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 110 min Lingua: galego
MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA	TALÍA TEATRO	Teatro Principal 11 e 12 de marzo 20.30 h Estrea absoluta  #posfunción: 11 de marzo ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 13 Duración: 130 min Lingua: galego
EL ABRAZO	PENTACIÓN	Auditorio de Galicia 18 de marzo 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 18 Duración: 75 min Lingua: castelán
AS QUE LIMPAN	A PANADARÍA	Teatro Principal 24 e 25 de marzo 20.30 h  #posfunción o día 24 de marzo ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 18 Duración: 75 min Lingua: galego
INFINIT	CÍA. SEON	Teatro Principal 26 de marzo 18.30 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: todos os públicos Duración: 55 min Lingua: castelán
OTHELLO	VOADORA	Auditorio de Galicia 26 e 27 de marzo 20.30 h  #posfunción o día 26 de marzo ao remate do espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 75 min Lingua: galego

ABRIL 2022

CASTELVINES & MONTESES. LOS AMANTES DE VERONA SEGÚN LOPE DE VEGA	BARCO PIRATA E COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO	Auditorio de Galicia 2 de abril 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 7 Duración: 150 min (con dous interludios de 5 min) Lingua: castelán
O PORCO DE PÉ	PT. EXCÉNTRICAS	Teatro Principal 7 e 8 de abril 20.30 h  #posfunción o 7 de abril ao rematar o espectáculo	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 13 Duración: 90 min Lingua: galego
DESDÉMONA	ALBA SARRAUTE I LES OFÉLIES	Auditorio de Galicia 9 de abril 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 12 Duración: 65 min Lingua: castelán
LA PANADERA	IRIA PRODUCCIONES	Teatro Principal 21 de abril 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 18 Duración: 90 min Lingua: castelán
TALARÉ A LOS HOMBRES SOBRE LA FAZ DE LA TIERRA	PECADO DE HYBRIS	Teatro Principal 22 de abril 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 105 min Lingua: castelán
HOY PUEDE SER MI GRAN NOCHE	TEATRO EN VILO	Teatro Principal 23 de abril 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 12 Duración: 70 min Lingua: castelán

ABRIL 2022

GRAN GALA DO CIRCO DE COMPOSTELA	Coordinada por PISTA4	Auditorio de Galicia 24 de abril 18.30 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: > 4 anos Duración: 90 min Lingua: galego
EL HIJO	DANIEL ABREU	Teatro Principal 28 de abril 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 50 min
O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO	VACABURRA	Teatro Principal 29 de abril 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 18 Duración: 50 min
MOCAP	MATÍAS DAPORTA	Teatro Principal 30 de abril 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 13 Duración: 60 min

MAIO 2022

CHRASSH BABIES	WE TUM TUM	Teatro Principal 6 de maio 17.00 e 18.30 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: dos 18 meses aos 5 anos Duración: 40 min
LA LUNA EN UN CAZO (UN ESPECTÁCULO INCOMPRENDIDO)	LA PETITA MALUMALAGA	Auditorio de Galicia 7 de maio 11:00, 12:00 e 13:00 h	Prezo: 3 € Idade recomendada: de 0 a 3 anos Duración: 35 min
BAT	DANTZATZ	Auditorio de Galicia 13 de maio 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 12 Duración: 70 min
DECADENCIA	TRASPASOS	Auditorio de Galicia 14 de maio 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 90 min Lingua: castelán
DeMENTE	FRAN SIEIRA	Teatro Principal 20 de maio 20.30 h	Prezo: 10 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 16 Duración: 60 min Lingua: galego
INLOCA	CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL - MATARILE	Auditorio de Galicia 21 de maio 20.30 h	Prezo: 12 € Descontos do 50% Idade recomendada: >18 Duración: 120 min Lingua: galego/castelán
SILENCIO	ENTRECAJAS	Auditorio de Galicia 26 de maio 20.30 h	Prezo: 14 € Descontos do 50% Idade recomendada: > 18 Duración: 80 min Lingua: castelán



CLUB C!

De que se trata

O Club C! é unha proposta de actividades para se achegar de xeito diverso aos contidos das actividades culturais compostelás. Comprende actividades que buscan coñecer mellor as propostas artísticas que nos ofrece a programación cultural municipal e deste xeito afondar na experiencia como espectadores culturais.

Este semestre manteremos dentro do Club C! a seguinte actividade:

#posfunción

Cando baixe o pano, conversaremos con membros do equipo de cada espectáculo arredor da temática e a experiencia de traballo do mesmo. A partir de aí, o debate estará aberto ao público asistente.

AXENDA C

A Axenda C é un boletín electrónico que te manterá informada/o regularmente das actividades culturais da cidade. Se non queres perderte nada, subscríbete á Axenda C!

En menos de un minuto poderás darte de alta sen custe. Entra en www.compostelacultura.gal/subscríbete-a-axenda-c e goza de toda a cultura de Compostela!

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos **espazos escénicos** 1 hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais naquelas funcións marcadas con desconto:

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios das funcións, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

En caso de diminución da capacidade das salas con respecto ao momento de venda das entradas, estas serán recolocadas por orde de venda ata completar a cabida permitida.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal


PROTOCOLO DE ACCESO A ESPECTÁCULOS EN ESPAZOS PECHADOS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS


Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos escénicos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento da función.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima entre persoas esixida pola normativa vixente
- Entrada e saída das instalacións de forma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida ticar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.







**Compostela
Cultura**

-  CompostelaCultura
-  CCultura
-  CompostelaCultura
-  CompostelaCulturaTV
-  compostelacultura.gal

+INFO E VENDA
DE ENTRADAS EN
compostelacultura.gal



**Deputación
DA CORUÑA**



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**

